



A todos os pais, nais ou titores dos alumnos/as de 5º e 6º de Educación Primaria:

NORMAS DE CONVIVENCIA

O colexio aspira a manter unha convivencia harmónica entre todos os seus membros, por isto estima que o cumprimento das normas de convivencia é fundamental para o bo desenvolvemento da vida escolar.

De acordo co Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia, onde se establecen os dereitos e deberes dos alumnos/as e as normas de convivencia nos centros, o incumprimento das mesmas terá que ser valorado considerando:

- Situación, condicións persoais e idade do alumno/a.
 - O carácter educativo e recuperador, non soamente para sancionar.
 - En ningún caso o procedemento a seguir poderá afectar o dereito á intimidade, honra ou reputación do alumno/a.
- Circunstancias paliativas:
- Recoñecemento espontáneo da súa conduta incorrecta.
 - Falta de intencionalidade.
- Circunstancias agravantes:
- Premeditación.
 - Reiteración.
 - Ocultación de responsabilidade.
 - O dano, inxuria ou ofensa a calquera outra persoa da comunidade educativa, especialmente se esta é de menor idade ou recentemente incorporada ao centro, ou terceiras persoas.
 - Incumprimento de normas fóra do recinto escolar (saídas, excursións, convivencias...).
 - Calquera acto que leve implícita unha discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, capacidade económica, nivel social, convicións políticas, morais ou relixiosas, así como por discapacidades físicas, sensoriais e psíquicas ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- O grao de gravidade e as accións a tomar polo incumprimento dunha norma de convivencia virá determinado pola presente normativa e, nesta orde, polo criterio dos seguintes órganos:
- Profesor/a do alumno/a
 - Titor
 - Coordinador
 - Xefe de estudos
 - Claustro de profesores
 - Director
 - Comisión de convivencia
 - Consello escolar

- As faltas consideraranse leves, serias, graves ou moi graves e poderán ser obxecto de:
 - Amoestación verbal
 - Advertencia por escrito aos pais ou titores
 - Asistencia ao centro en horario non lectivo para a realización de traballos específicos (lectura, decorar corchos, copiar normas de convivencia...).
 - Realización de tarefas que axuden a mellorar o desenvolvemento das actividades do centro ou, se procede, dirixidas a reparar o dano causado ás instalacións, ao material do centro ou as pertenzas doutros membros da comunidade educativa.
 - Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares, saídas culturais, complementarias ou de calquera outro tipo feitas ou promovidas polo centro.
 - Comunicación a outros organismos educativos ou sociais a través de expedientes informativos.
 - Expulsión temporal do centro.
 - Aquelas outras que determine a lexislación vixente.

Actitudes e comportamentos

- É de obrigado cumprimento a comunicación ao titor ou outro profesor do coñecemento dunha actitude ou comportamento que vaia en contra da convivencia no centro, partindo da base de que todos, alumnos, profesorado, pais, dirección, administración e servizos, formamos parte da comunidade educativa.
- Os actos continuados de indisciplina, incumprimento reiterado de normas ou actitudes negativas graves recibirán paulatinamente a amoestación privada por parte do titor, coordinador, xefe de estudos, claustro de profesores, comisión de convivencia e consello escolar.
- Cando un acto acade a consideración de moi grave por un órgano e este non se considere competente para tomar unha decisión poderá delegar nun órgano superior.
- Os casos de indisciplina dun gran número de alumnos pertencentes a un mesmo grupo serán tratados directamente polo claustro de profesores da etapa, quen poderá delegar na comisión de convivencia as decisións a tomar.
- As actitudes de violencia verbal ou física cara aos membros da comunidade escolar ou terceiras persoas consideraranse faltas graves ou moi graves.
- A suplantación de personalidade de calquera xeito e a falsificación ou subtracción de documentos académicos consideraranse unha falta moi grave.
- O incumprimento dunha sanción imposta consideraranse unha falta grave ou moi grave.

Entradas, recreos e cambios de clase

- A hora de entrada pola mañá é as 9:00, a primeira clase empeza ás 9:10. Pola tarde a porta ábrese ás 15:30 e as clases empezan ás 15:35, calquera alumno que chegue máis tarde terá una falta de puntualidade.
- Ningún alumno pode quedar durante o recreo, sen autorización escrita, en ningún lugar que non sexa o patio.
- Nos cambios de clases os alumnos deberán permanecer dentro da súa aula, salvo autorización dun profesor. O incumprimento desta norma de forma reiterada poderá ser reflexada nas follas de incidencias.
- O feito de estar en lugares indebidos sen consentimento, será considerado unha falta leve.
- Calquera traslado dentro do centro debe facerse con orde, sen precipitación e respectando sempre aos máis pequenos.

Material prohibido

- Non está permitido o uso de teléfonos móbiles e doutros aparellos electrónicos. O uso do teléfono móbil no colexio está considerado como unha falta grave .
- O feito de estar en posesión do teléfono levará consigo a retirada do terminal de forma temporal ata a entrega en man aos pais ou titores legais do alumno/a coa conseguinte amoestación verbal.
- Está prohibida a tenencia e uso de calquera obxecto (punteiros láser, navallas...) que poida causar calquera tipo de lesión. Será considerado falta grave.

Exames

- As datas dos exames só serán variadas en caso de estar suficientemente xustificadas (segundo a valoración do profesorado ou con xustificación oficial ou médica).
- O alumno ten que estar disposto a facer o exame dende o primeiro día que se reincorpora ás clases.
- Se un alumno chega tarde sen xustificación, poderá facer o exame pero no tempo que quede de clase.

Asistencia

- A asistencia, de acordo co marco legal, é obrigatoria.
- Toda falta de asistencia deberá ser xustificada (con anterioridade se é posible) mediante unha nota escrita dos pais ou titores na axenda escolar que será asinada polo titor ou profesor da materia correspondente.
- Nestes xustificantes figurará o nome e apelidos do alumno, a data ou datas de non asistencia (día e mes), a hora (se fose o caso), firma dos pais ou titores e unha explicación dos motivos polos que non se pode asistir ás clases.
- No caso de ter que saír do Centro durante o horario escolar, terá que presentar a correspondente notificación na axenda escolar, asinada polos pais e será responsabilidade do alumno/a a saída na hora indicada na mesma. Os pais ou titores recollerán ao alumno na portería do Centro
- A non asistencia **sen xustificación** a máis de 8 sesións deberá ser comunicada ao claustro do ciclo, o cal deberá decidir as medidas que se tomarán e, se o considerara pertinente, a comunicación a outras instancias sociais ou educativas.
- Os pais ou titores asumirán un especial compromiso coa asistencia dos seus fillos a aquelas actividades que teñan lugar fóra do recinto escolar (saídas, excursións...).

Puntualidade

- Os retrasos deberán ser xustificados, dependendo do caso, a través dunha nota escrita na axenda escolar dos pais ou profesor aclarando o motivo do retraso.
- En caso de acumular tres retrasos non xustificados será equivalente a unha falta de asistencia non xustificada.

Excursións e celebracións

- Queda prohibido levar móbiles a excursións e nos días de celebracións no colexio.
- O uso dun terminal do colexio, durante unha excursión estará organizado polos profesores acompañantes.
- Está prohibido de igual forma levar cámaras fotográficas. O uso indebido, será responsabilidade única do alumno/a.

Conservación do material, da aula e outras instalacións

- O material, tanto propio coma do centro, é imprescindible para o normal desenvolvemento das actividades escolares.
- Se o alumno non trae o material considerarase unha falta leve será computada nos criterios de avaliación da materia.
- Os alumnos aboarán o importe do material que, por negligencia, se deteriore ou extravíe. Se neste deterioro ou extravío existe intencionalidade considerarase unha falta grave ou moi grave.
- A apropiación de material considerarase unha falta grave ou moi grave.
- Toda a comunidade educativa velará pola limpeza, conservación e orden de calquera instalación do centro.
- Ao rematar as clases deberán quedar as luces apagadas, as fiestras e portas pechadas e o material, mesas e cadeiras ordenados. Para que isto poida ser así, o profesorado será o último en abandonar a aula.
- Os obxectos atopados no recinto escolar deberán ser entregados en secretaría.
- O colexio declina calquera responsabilidade da desaparición de material non escolar, aconsellando que non se traian obxectos de valor que poidan ser subtraídos.

Vestuario, hixiene e aseo

- Os alumnos deberán coidar o seu aspecto persoal e presentarse debidamente aseados.
- Os alumnos de primaria deberán utilizar a roupa deportiva indicada polo colexio, (chándal do Centro e camiseta branca lisa ou cos anagramas da Compañía de María), nas clases de Educación física e, a requirimento do profesorado, para a realización de certas actividades. O non cumprimento desta norma implicará unha falta leve.
- Durante a xornada escolar o alumnado terá que vestir con corrección e de xeito adecuado para as actividades que van desenvolver para elo é obrigatorio o uso do uniforme e complementos acordes a este.. Se o vestiario non fose axeitado, poñerase en coñecemento dos pais para solucionar a situación.
- Os alumnos deberán traer unha camiseta branca xunto cunha toalla e xabón ou toallíñas hixienicas para asearse despois da clase de educación física.



Un saúdo

A dirección e o profesorado